

Capítulo VI:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

I. LEGISLACIÓN BÁSICA

1. MARCO LEGAL

- LOXSE: Capítulo Terceiro, artigos 17 a 24. (BOE, 04/10/90). Páx. 444.

2. CENTROS:

2.1. Requisitos mínimos

- Artigos 24 ó 29, disposicións adicionais 1ª.3.4. e disposicións transitorias 4ª.1.2.4., 7ª e 9ª.2. do Real Decreto 1004/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitarias. (BOE, 26/06/91). Páx. 478.

2.2. Regulamentos orgánicos e desenvolvemento

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (DOG, 09/08/96). Páx. 596.

- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento. (DOG, 02/09/97). Páx. 612

- Instrucións da Subdirección Xeral da Inspección Educativa, do 7 de novembro de 1996, sobre determina dos aspectos do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, respectivamente. Páx. 622.

3. ENSINANZAS MÍNIMAS E CURRÍCULO

3.1. Marco legal

- LOXSE: Artigos 4, 34, 35 e 57. Páx. 443.

- Artigo 4º da Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG, 11/07/96). *Modificada pola Orde do 31 de maio de 2001 (DOG, 27/06/01)*. Páx. 160.

- Art. 92 e seguintes do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (DOG, 09/08/96). Páx. 609.

3.2. Lexislación específica

- Real Decreto 1007/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria. (BOE, 26/06/91). *Modificado polo Real Decretos 894/95, do 2 de xuño (BOE do 24) e polo Real Decreto 3473/2000, do 29 de decembro (BOE do 16 de xaneiro de 2001)*. CD-06AA.

- Real Decreto 3473/2000, do 29 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1007/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria. (BOE, 16/01/01). CD-06AB.

- Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na C. Autónoma de Galicia. (DOG, 02/04/93). *[Modificado polo Decreto 235/1995, do 20 de xullo, (DOG do 10 de agosto); polo Decreto 331/1996, do 26 de xullo, (DOG do 28 de agosto), e polo Decreto 233/2002, do 6 de xuño, (DOG do 17 de xullo)]*. Páx. 150.

- Decreto 331/1996, do 26 de xullo, polo que se modifica e amplía o Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na C. Autónoma de Galicia. (DOG, 28/08/96). CD-06AC.

- Decreto 233/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 17/07/02). *Corrección de erros, (DOG, 05/11/02)*. CD-06AD.

- Orde do 1 de xullo de 2002 pola que se adapta o disposto na Orde do 19 de xuño de 1996, pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria, ó Decreto 233/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 31/07/02). Páx. 155.

3.3. Adaptacións curriculares

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG, 07/11/95). Páx. 324.

- Orde do 11 de xaneiro de 1996 pola que se adapta o currículo e o horario da *educación secundaria obrigatoria* e do bacharelato definidos na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, ó carácter propio dos Seminarios Menores Diocesanos e de Relixiosos da Igrexa Católica. (BOE, 18/01/96).

3.4. Currículos de ensinanza relixiosa

- Orde do 28 de xuño de 1993 pola que se dispón a publicación dos currículos de Ensinanza Relixiosa Evanxélica, correspondente á educación primaria, *educación secundaria obrigatoria* e bacharelato. (BOE, 06/07/93). CD-26AA.

- Orde do 23 de febreiro de 1995 pola que se establece o currículo de relixión católica na educación infantil, na educación primaria e na *educación secundaria obrigatoria*. (DOG, 28/03/95). Páx. 866.

- Orde do 11 de xaneiro de 1996 pola que se dispón a publicación dos currículos de Ensinanza Relixiosa Islámica correspondentes a educación primaria, *educación secundaria obrigatoria* e bacharelato. (BOE, 18/01/96). CD-26AB.

4. MATERIAS OPTATIVAS

4.1. Marco legal

- LODE: Artigo 15. Páx. 427.

- LOXSE: Artigos 20.3 e 21. Páx. 438.

- Artigo 6º do Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 02/04/93). Páx. 150.

- Capítulo VII da Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria. (DOG, 11/07/96). *Modificada pola Orde do 31 de maio de 2001* (DOG, 27/06/01). Páx. 160.

- Artigo 2º da Orde do 1 de xullo de 2002. (DOG, 31/07/02). Páx. 155.

4.2. Lexislación específica

- Orde do 1 de febreiro de 1995 pola que se publica o catálogo de materias optativas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, se establece o currículo destas materias e se regula a súa oferta. (DOG, 30/03/95). Páx. 157.

- Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa, do 18 de abril de 1996, relativas a oferta de materias optativas na educación secundaria obrigatoria. Páx. 157.

- Orde do 30 de abril de 1996 pola que se amplía o catálogo de materias optativas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e pola que se establece o currículo destas materias e se regula a súa oferta. (DOG, 29/05/96). Páx. 158.

- Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa, do 13 de febreiro de 1998, relativas a oferta de materias optativas da educación secundaria obrigatoria. Páx. 159.

- Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa, do 31 de marzo de 1998, relativas á oferta de materia optativas da educación secundaria obrigatoria. Páx. 159.

- Instrucións da Subdirección Xeral da Inspección Educativa, do 14 de maio de 1998, relativas á oferta de materias optativas da educación secundaria obrigatoria. Páx. 160.

5. IMPLANTACIÓN E ORGANIZACIÓN

5.1. Implantación

- Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG, 11/07/96). *Modificada pola Orde do 31 de maio de 2001* (DOG, 27/06/01). Páx. 160.

- Orde do 31 de maio de 2001 pola que se modifica para o curso 2001-2002 o horario semanal da educación secundaria obrigatoria derivado da Orde do 19 de xuño de 1996, pola que se regula a implantación desa etapa. (DOG, 27/06/01). Páx. 191.

- Orde do 1 de xullo de 2002 pola que se adapta o disposto na Orde do 19 de xuño de 1996, pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria, ó Decreto 233/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 31/07/02). Páx. 155.

- Implantación de ciclos en determinados Centros. Véxase "Lexislación Complementaria" neste mesmo Capítulo.

5.2. Instrucións organizativas

- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, do 17 de outubro de 1996, pola que se aclaran determinados aspectos e situacións que coa impartición do primeiro curso da educación secundaria obrigatoria xurdiron nos centros de educación primaria e nos institutos de educación secundaria. Páx. 623.

- Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa do 11 de maio de 1998 relativas a determinadas situacións académicas dos alumnos das distintas etapas educativas. Páx. 658.

- Instrucións da Subdirección Xeral da Inspección Educativa de 18 de setembro de 1998 sobre a impartición dalgunhas áreas do primeiro ciclo da ESO por mestres adscritos á educación primaria. Páx. 659.

- Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa de 3 de maio de 1999 relativas a determinados temas educativos. (*Promoción de E.P. a ESO, promoción de 1º a 2º de ESO, horario dos mestres nos IES e CPI e nomeamento dos xefes de departamento e dos xefes de estudio non CPIs*). Páx. 659

5.3. Aprendizaxe de linguas estranxeiras

- Orde do 26 de xullo de 2001 pola que se establece o plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria autorizados para o efecto. (DOG, 17/08/01). Páx. 661.

- Circular 2/2002 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se dictan instrucións para a realización do plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria no relativo á modalidade I desas ensinanzas. Páx. 664.

- Orde do 18 de abril de 2002 pola que se establece o Plan Experimental de Creación de Seccións Europeas destinadas a potencia-la aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados. (DOG, 30/04/02). CD-06AI.

- Resolución do 8 de outubro de 2002 pola que se fai pública a relación de centros autorizados para participar no Plan Experimental de Creación de Seccións Europeas nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados convocados pola Orde do 18 de abril de 2002. (DOG, 23/10/02).

- Circular 13/2002 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional sobre organización do ciclo elemental do primeiro nivel das ensinanzas especializadas do idioma inglés na modalidade a distancia, programa "That's English!", para o curso 2002-2003. CD-11AR.

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

6.1. Disposicións xerais

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG, 07/11/95). Páx. 324.

- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. (DOG, 06/08/96). Páx. 319.

- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con n. educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG, 28/11/96). Páx. 332.

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (DOG, 19/12/96). Páx. 327.

- Véxase máis lexislación no Capítulo X. Páx. 315.

6.2. Programas de diversificación curricular

- LOXSE: Artigo 23.1. Páx. 438.

- Artigo 17º do Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 02/04/93). Páx. 150.

- Artigo 11º da Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG, 11/07/96). *Modificada pola Orde do 31 de maio de 2001 (DOG, 27/06/01)*. Páx. 160.

- Artigo 6º da Orde do 1 de xullo de 2002. (DOG, 31/07/02). Páx. 155.

- Orde do 19 de maio de 1997 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria. (DOG, 06/06/97). Páx. 165.

6.3. Programas de Garantía Social

- LOXSE.- Artigo 23, puntos 2 e 3. Páx. 438.

- Artigo 10 do Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con n. educativas especiais. (DOG, 06/08/96). Páx. 319.

- Orde do 5 de maio de 1997 pola que se regulan os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29/05/97). Páx. 169.

- Resolución do 9 de abril de 2002, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se regula o desenvolvemento dos programas de garantía social en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2002-2003. (DOG, 26/04/02). CD-06AH.

- Escrito da Subdirección Xeral de Formación Profesional e de Educación de Adultos, do 13 de abril de 2000, polo que se fai unha proposta orientativa de currículo da área de formación básica dos programas de garantía social. CD-08CX.

- Escrito do Director Xeral de Persoal do 16 de outubro de 2002 polo que se indica en que Institutos e Centros Públicos Integrados se poden nomear xefes de departamento de familia profesional. Páx. 172.

- Véxase tamén "Lexislación Complementaria" no Capítulo de Formación Profesional. Páx. 229.

6.4. Agrupamentos específicos e Programas de Ciclo Adaptado

- Instrucción 3ª e 4ª da Circular nº 9/1999, do 1 de setembro, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se dictan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria. Páx. 172.

7. AVALIACIÓN E LIBRO DE ESCOLARIDADE

7.1. Marco legal

- LOXSE: Artigo 22.1. Páx. 438.

- Orde do 30 de outubro de 1992 pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación, das ensinanzas de Réxime Xeral reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, así como dos requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos. (BOE, 11/11/92). CD-15AI.

- Artigo 8º e 9º do Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na C. Autónoma de Galicia. (DOG, 02/04/93). Páx. 150.

- Orde do 23 de abril de 1996 pola que se determina a forma en que se deben consigna-los documentos de avaliación establecidos na Orde do 30 de outubro de 1992 a valoración das ensinanzas de determinadas materias da educación secundaria obrigatoria. (BOE, 08/05/96). Páx. 177.

- Artigo 5º da Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG, 11/07/96). *Modificada pola Orde do 31 de maio de 2001 (DOG, 27/06/01)*. Páx. 160.

- Artigo 5º da Orde do 1 de xullo de 2002. (DOG, 31/07/02). Páx. 155.

7.2. Lexislación específica

- Orde do 25 de outubro de 1993 pola que se dictan instrucións sobre o procedemento de solicitude e rexistro do libro de escolaridade do ensino básico. (DOG, 26/11/93). Páx. 140.

- Orde do 25 de abril de 1994 sobre avaliación na educación secundaria obrigatoria. (DOG, 18/05/94). *Corrección de erros, (DOG, 13/06/94)*. Páx. 179.

- Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garanti-lo dereito dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato a que o

seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos. (BOE, 20/09/95). *Norma de aplicación con carácter supletorio na C. Autónoma de Galicia*. Páx. 183.

- Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa, do 17 de agosto de 1996, sobre a permanencia e promoción de alumnos na educación secundaria obrigatoria. Páx. 186.

- Instrucións da Subdirección Xeral da Inspección Educativa, do 2 de maio de 1997, relativas ó libro de escolaridade do ensino básico e ó libro de cualificacións de bacharelato e de formación profesional. Páx. 178.

- Punto 9 das Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa do 11 de maio de 1998 relativas a determinadas situacións académicas dos alumnos das distintas etapas educativas. Páx. 658.

- Escrito da Subdirección Xeral da Inspección Educativa do 9 de outubro de 1998 aclarando dúbidas sobre o procedemento de resolución de reclamacións contra cualificacións na educación secundaria obrigatoria. Páx. 187.

- Apartado 3 das Instrucións da Subdirección xeral de Inspección Educativa do 26 de marzo de 1999 relativas ó procedemento para garanti-lo dereito dos alumnos de ensinanzas non universitarias a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos. Páx. 188.

- Punto 2 das Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa de 3 de maio de 1999 relativas a determinados temas educativos. Páx. 659.

- Instrucións do 29 de xuño de 1999 da Subdirección Xeral de Inspección Educativa relativas a determinados aspectos administrativos e académicos na ensinanza secundaria obrigatoria. Páx. 189.

- Instrucción 2001/04 da Subdirección Xeral de Inspección Educativa do 19 de xuño de 2001 sobre a forma de cubri-los libros de escolaridade de ensinanza básica procedentes da Comunidade Autónoma de Cataluña. Páx. 189.

- Instrucción 2001/05 da Subdirección Xeral de Inspección Educativa do 22 de xuño de 2001 pola que se completa as Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa do 17 de agosto de 1996 sobre a permanencia e promoción de alumnos na educación secundaria obrigatoria. Páx. 190.

7.3. Avaliación psicopedagóxica

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (DOG, 19/12/96). Páx. 327.

8. ENSINO BÁSICO PARA AS PERSOAS ADULTAS

- Véxase o Cap. IX desta obra (E. de Adultos). Páx. 283.

9. CALENDARIO, XORNADA E HORARIOS

9.1. Calendario e xornada escolar

- Punto 11 e seguintes da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996. (DOG, 02/09/97). Páx. 612.

- Véxase tamén este apartado no Capítulo XVIII, Organización das Actividades Docentes. Páx. 559.

9.2. Horarios

a) De alumnos e profesores

- Véxase este apartado no Capítulo XXVIII desta mesma obra. Páx. 560.

b) Recreos, descansos e/ou períodos de lecer

- Artigo 44.o do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (DOG, 09/08/96). Páx. 596.

- Puntos 71.d, 75 e 107 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996. (DOG, 02/09/97). Páx. 612.

- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, do 17 de outubro de 1996, pola que se aclaran determinados aspectos e situacións que coa impartición do primeiro curso da educación secundaria obrigatoria xurdiron nos centros de educación primaria e nos institutos de educación secundaria. Páx. 623.

- Punto 86 e seguintes da Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999. Páx. 647.

10. RELIXIÓN E ACTIVIDADES ALTERNATIVAS

- Artigo 10º da Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG, 11/07/96). *Modificada pola Orde do 31 de maio de 2001 (DOG, 27/06/01)*. Páx. 160.

- Véxase tamén o Capítulo de Relixión que se inclúe nesta mesma obra. Páx. 853.

11. SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS

- Orde do 15 de maio de 2001 pola que se establecen accións encamiñadas a facilita-la simultaneidade dos estudos do grao medio das ensinanzas de música reguladas polo Decreto 253/1993, do 29 de xullo, cos de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e nivel III do ensino básico para as persoas adultas. (DOG, 26/06/01). *Esta disposición derroga a Orde do 1 de setembro de 1999, publicada no DOG do 28. CD-11CG.*

12. TÍTULOS E VALIDACIÓN DE ESTUDIOS

12.1. Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros

- Orde do 30 de abril de 1996 pola que se adecúan á nova ordenación educativa determinados criterios en materia de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de niveis non universitarios e se fixa o réxime de equivalencias cos correspondentes españois. (BOE, 08/05/96). Páx. 931.

- Orde do 21 de febreiro de 1997 pola que se determinan as validacións de estudos entre a Educación Secundaria e a Formación Profesional de primeiro e segundo grao. (BOE, 07/03/97). Páx. 927.

12.2. Probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

- Real Decreto 135/2002, do 1 de febreiro, polo que se establecen as condicións básicas polas que se rexen as probas previstas no artigo 52.3 da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo,

para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria polas persoas maiores de dezaioito anos de idade. (BOE, 16/02/02). CD-30AD.

- Orde do 2 de abril de 2002 pola que se regulan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de dezaioito anos. (DOG, 25/04/02). Páx. 311.

- Véxase tamén o Capítulo de Títulos. Páx. 913.

13. PROFESORADO DE ENSEÑANZA SECUNDARIA

Véxanse os seguintes capítulos desta obra:

- XXII Postos de traballo. Páx. 723.
- XXIV Profesorado. Páx. 821.
- XXX Títulos. Páx. 913.

II. LEXISLACIÓN COMPLEMENTARIA

1. CURRÍCULO

- Orde do 21 de outubro de 1996 pola que se dictan disposicións para a aplicación do Decreto 331/1996, do 26 de xullo, polo que se modifica e amplía o Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da ESO na C. Autónoma de Galicia. (DOG, 29/11/96). *Derogada pola Orde do 1 de xullo de 2002..* CD-06AJ.

2. IMPLANTACIÓN E ORGANIZACIÓN

- Orde do 25 de abril de 1994 sobre a implantación anticipada da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 12/05/94). *Derogada pola Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da ESO* (DOG, 11/07/96).

3. APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

- Orde do 30 de abril de 1999 pola que se establece o plan experimental de potenciación e aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria autorizados para o efecto. (DOG, 03/06/99). *Derogada pola Orde do 26 de xullo de 2001.* (DOG, 17/08/01).

4. TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- Decreto 315/1996, do 26 de xullo, polo que se establece a proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de 18 anos de idade. (DOG, 05/08/96). *Sen efecto a partir da publicación do Real Decreto 135/2002.* CD-30BN.

- Punto 4 das Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa do 11 de maio de 1998 relativas a determinadas situacións académicas dos alumnos das distintas etapas educativas. Páx. 658.

5. IMPLANTACIÓN DE CICLOS EN CENTROS

- Orde do 20 de xullo de 1992 pola que se implantan os ciclos da educación secundaria obrigatoria en distintos centros. (DOG, 25/08/92).

- Orde do 17 de xuño de 1993 pola que se autoriza a implantación do segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria a partir do curso 1993/94, en determinados centros. (DOG, 02/07/93).

- Orde do 13 de setembro de 1995 pola que se autoriza a implantación do segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria en determinados centros. (DOG, 31/10/95).

- Orde do 30 de febreiro de 1997 pola que se autoriza a posta en funcionamento dos institutos de educación secundaria de Amas e Laracha na provincia da Coruña, e de Alfoz, Rábade e Xove na provincia de Lugo, así como a implantación do segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria nestes centros. (DOG, 12/03/97).

- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se autoriza a implantación do segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria en determinados centros. (DOG, 26/08/97). *Corrección de erros,* (DOG, 05/11/97).

- Orde do 14 de outubro de 1997 pola que se autoriza a implantación do segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria en determinados centros. (DOG, 11/11/97).

III. TEXTOS LEGAIS

Currículo da ESO en Galicia.

Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 02/04/93).

[Inclúe as modificacións introducidas pola corrección de erros, DOG do 10 de marzo de 1994; polo Decreto 235/1995, do 20 de xullo, DOG do 10 de agosto; polo Decreto 331/1996, do 26 de xullo, DOG do 28 de agosto, e polo Decreto 233/2002, do 6 de xuño, (DOG do 17 de xullo)].

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo determina, no seu artigo cuarto, que constitúen elementos integrantes do currículo os obxectivos, contidos, métodos e criterios de avaliación de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades nos que se organiza a práctica educativa. Unha vez fixados os elementos básicos do currículo ou ensinanzas mínimas polo Real decreto 1007/1991, do 14 de xuño e tal como se recolle no título preliminar da LOXSE (artigo 4, punto 3) corresponde á Administración educativa galega establecerlo currículo para o ámbito da súa competencia.

O currículo que se establece contén os principios esenciais da proposta educativa, determinando os obxectivos xerais, os contidos e os criterios de avaliación. Ten un carácter aberto e flexible o que implica unha concreción e desenvolvemento posterior polo profesorado co fin de permiti-la súa adecuación á realidade do contexto socioeconómico e cultural de cada centro escolar, e responder, así mesmo, á diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos e das alumnas.

Deste xeito, cobra un especial interese o traballo do profesorado, que terá que contextualizar e pormenorizar os obxectivos e contidos propostos así como os medios para alcanzalos, sempre referidos ó seu contexto específico.

Esta concreción e desenvolvemento fan necesaria a elaboración de proxectos curriculares polos equipos docentes dos centros. Neles determinarase fundamentalmente a adecuación dos obxectivos xerais, a secuencia dos contidos por ciclos, as liñas xerais de aplicación dos criterios de avaliación, as adaptacións curriculares, a metodoloxía e as actividades nas distintas áreas. Esta toma de decisións, unha vez materializada nos correspondentes proxectos curriculares de centro, constituirá o referente fundamental para a elaboración das programacións nas que se expresarán os procesos educativos que cada profesor ou profesora se propón desenvolver no seu grupo ou clase, concretándose nas unidades didácticas.

Este currículo pretende, pois, fomentar a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros educativos, o traballo en equipo do profesorado e a súa actividade investigadora a partir da súa práctica docente ó mesmo tempo que garante unhas ensinanzas comúns ó conxunto da poboación galega.

As orientacións e maila normativa que, como desenvolvemento do presente decreto, dicte a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia,

contribuirán a orientar e a guiar a práctica educativa do profesorado.

No ensino secundario obrigatorio propónse o desenvolvemento integral do alumnado a nivel intelectual, motor, de equilibrio persoal e afectivo, de relación interpersonal e de actuación e inserción social, en continuidade coa educación primaria.

As finalidades educativas desta etapa son:

- Transmitir a tódolos alumnos e alumnas os elementos básicos da cultura.

- Formalos para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos.

- Preparalos para a súa incorporación á vida activa ou para o acceso á educación secundaria postobrigatoria.

Estas finalidades aparecen matizadas por dous principios fundamentais:

- Principio dun ensino comprensivo e diversificado, polo que, e tendo en conta o seu carácter de obrigatoriedade, ten que ser común e básico para tódolos alumnos e alumnas sen discriminacións, garantíndolle a igualdade de oportunidades educativas, ó mesmo tempo que debe adaptarse ás diferencias de intereses, motivacións e capacidades co fin de satisfacer as súas necesidades educativas. Un currículo flexible permite e facilita a aplicación de mecanismos que dan resposta á diversidade crecente ó longo da etapa.

- Principio derivado do carácter terminal e propedéutico desta etapa. O carácter terminal subliña o valor propio desta etapa respecto das anteriores. Debe ser por tanto unha etapa integradora e non segregadora na que se busca o desenvolvemento dos alumnos e alumnas no marco dunha formación equilibrada cara á súa integración na sociedade como membros activos e responsables.

O seu carácter propedéutico esixe sentar as bases para facilita-lo acceso ó ensino postobrigatorio pois o conxunto de aprendizaxes que os estudantes realizan debe permitirlles optar ás diferentes saídas que se lles ofertan ó remata-la ensinanza obrigatoria.

O currículo debe partir da nosa propia realidade e incorporar os novos saberes dese as nosas raíces culturais e, ó mesmo tempo, en instrumentos fundamentais para o cambio dentro da sociedade.

O presente decreto establece para o ámbito da comunidade galega os obxectivos correspondentes á etapa da educación secundaria obrigatoria e as distintas áreas que se deben impartir así como os contidos e criterios de avaliación correspondentes a cada unha delas.

Os obxectivos xerais establecen as capacidades que se espera que adquiran os alumnos e alumnas ó finalizar esta etapa educativa. Estas capacidades preséntanse de forma interrelacionada como ocorre no comportamento habitual das persoas, no que as capacidades non se exercen de forma illada senón apoiadas unhas noutras. Os obxectivos xerais constitúen, polo tanto, a principal referencia dos profe